



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
DEZ DE FEBREIRO DE 2016, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
D^a. MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
D^a: BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día dez de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, do expediente de modificación de créditos nº 1/2016.

Dáse conta do expediente número 1/2016 de modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento municipal para o actual exercicio, no que se transfiren créditos entre distintas áreas de gasto por importe total de douscentos cincuenta e seis mil douscentos (#256.200,00#) euros para facer fronte a obrigas a cargo desta Corporación relativas ás obras e investimentos en edificacións e zonas de usos varios incluídos no Plan de Acción Social da Deputación Provincial (Plan PAS 2016) e cofinanciados pola Deputación Provincial de A Coruña.

O expediente tramitouse en virtude de memoria da Alcaldía de data catro de febreiro de dous mil dezaseis, e de decreto ditado como consecuencia da mesma, utilizándose como recursos para o seu financiamento:

- Baixa parcial de créditos nas aplicacións do estado de gastos do Orzamento municipal para o exercicio de 2016 que deseguido se indican, por poder prescindir de contraer obrigas con cargo ás mesmas, e polas contías necesarias para financiar as modificacións orzamentarias descritas:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
320-62204	Educación. Escolas	52.660,00
920-62201	Administración xeral. Edificios administrativos	31.940,00



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



231-62203	Servizo sociais. Outras construcións	119.400,00
334-62207	Cultura. Museos e outros	52.200,00
TOTAL BAIXAS DE CRÉDITOS PARA FINANCIAR A MODIFICACIÓN		256.200,00

No expediente aparecen informes de Secretaría-Intervención e demais regulamentarios, todos eles en sentido favorable.

Previa deliberación, considerando o carácter necesario e inaprazable das citadas obrigas a cargo da Corporación e que as transferencias que se propoñen non producirán perturbacións nos respectivos servizos nin nos intereses municipais, propónse:

1º.- Informar favorablemente a proposta de modificación de créditos referida, mediante a baixa parcial de créditos nas citadas aplicacións que se minoran, das área de gasto 2, 3 e 9, e a habilitación de créditos extraordinarios nas aplicacións orzamentarias das áreas de gasto 1 e 9 que se reflicten na memoria da Alcaldía que motivou o expediente e que deberán consignarse nas mesmas co detalle e polo importe que a continuación se expresa:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
933-62204	Xestión do patrimonio. Escolas	52.660,00
933-62203	Xestión do patrimonio. Outras construcións	151.340,00
171-61900	Parques e xardíns. Inversión de reposición de infraestruturas	52.200,00
TOTAL EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS		256.200,00

Coas modificacións propostas, que non alteran a contía total do Orzamento, o resumo por capítulos do Estado de Gastos queda como segue:

CAPÍTULOS	CONSIGNACIÓN ANTES EXPTE.	AUMENTOS CRÉDITOS	BAIXAS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
1- Gastos de persoal	1.309.800,00			1.309.800,00
2- Gastos en bens correntes e servizos	1.470.200,00			1.470.200,00
3- Gastos financeiros	9.843,00			9.843,00
4- Transferencias correntes	47.200,00			47.200,00
6- Investimentos reais	945.800,00	256.200,00	256.200,00	945.800,00
7- Transferencias de capital	0			0
8- Activos financeiros	12.000,00			12.000,00
9- Pasivos financeiros	99.537,00			99.537,00
SUMAS TOTAIS	3.894.380,00	256.200,00	256.200,00	3.894.380,00

2º.- Que se continúe a tramitación do expediente co sometemento á aprobación do Pleno do Concello e, no seu caso, coa inmediata exposición ao público, para efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos supostos, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



O Sr. Secretario -Interventor expón que a Deputación Provincial esixe que as obras incluídas no PAS 2016 teñan reflexo orzamentario nos grupos de programas 171 e 933, que non teñen consignación presupostaria no orzamento aprobado para o exercicio 2016, polo que hai que aprobar este expediente de modificación de créditos para poder transferir crédito das partidas iniciais previstas no orzamento.

O Sr. Castro do BNG-AA expón que en canto ao PAS atrasouse a súa aprobación un mes porque se trataba dun novo plan e o equipo de goberno tiña a intención de previamente consultar as propostas coa Deputación, cousa que ao seu grupo lle pareceu ben, ignorando cales foron as xestións que se fixeron, porque ou ben houbo malas interpretacións ou senón non habería lugar ás modificacións que hai que aprobar agora con carácter de urxencia. Sinala ademais que o seu voto na aprobación do PAS foi en contra, presentando o seu grupo propostas alternativas, que eran viables e entendían que encaixaban mellor no que se pretende dun plan de acción social, e incluso agora co paso do tempo ven que eran acertadas, e agora tamén será en contra.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que como no seu momento o voto do seu grupo foi favorable tanto ao PAS como ao POS, porque consideran que son obras para os veciños, e neste caso sendo ademais unha cuestión meramente técnica que vén imposta pola Deputación, o seu voto tamén será favorable.

A Presidencia quere aclarar que como ben dixo a voceira do PSdG-PSOE trátase dunha cuestión meramente técnico-contable, que nunca se solicitara pola Deputación tanto neste punto coma no seguinte, relativo ao POS 2016, quen esixe que se aproben en sesión plenaria, por iso se convocou esta sesión extraordinaria, dado que nos foron comunicadas despois de celebrado o pleno ordinario do concello do mes de xaneiro, e como van ser aprobadas pola Deputación no pleno de febreiro, había que aprobalas con urxencia, e non se podía esperar ao pleno ordinario do concello.

Posta a votación a proposta, o Pleno con once votos a favor do PP e PSdG-PSOE, e dous votos en contra do BNG-AA, acorda aprobala.

2º.- Ratificación, se procede, de acordo de modificación de acordo plenario de aprobación do POS 2016.

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día tres de febreiro, que di o seguinte:

“3º.- Acordo, se procede, sobre corrección acordo solicitude do POS 2016.

No pleno extraordinario celebrado o pasado catorce de decembro aprobouse o Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2016), no que se acordou solicitarlle á Deputación a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras :

DENOMINACIÓN DA OBRA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
----------------------	------------	----------	-----------------



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Proxecto de urbanización integral na Torre - San Xián de Sales	98.369,93	27.787,91	126.157,84
SUBTOTAL OBRAS	98.369,93	27.787,91	126.157,84

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	Deputación
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	98.000

C)Resumo:

	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
SUBTOTAL OBRAS	98.369,93	27.787,91	126.157,84
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	98.000	126.488	224.488
TOTAL	196.369,93	154.275,91	350.645,84

A pedimento da Deputación Provincial, a Xunta de Goberno, sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno da Corporación na vindeira sesión que se celebre, acorda modificar o cadro resumo de financiamento, dado que no caso dos gastos correntes non se coñece ao día da data o seu orzamento total, e polo tanto a achega do concello, quedando do seguinte xeito:

	DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
SUBTOTAL OBRAS	98.369,93	27.787,91	126.157,84
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	98.000		
TOTAL	196.369,93	27.787,91	126.157,84

A Presidencia expón que é a primeira vez que a Deputación esixe que no cadro resumo do plan figuren en branco as casiñas do orzamento total e a achega do concello nos gastos correntes.

O Pleno, con once votos a favor do PP e PSdG-PSOE e días abstencións do BNG acorda ratificar o citado acordo.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cincuenta minutos.